

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 6 DE ABRIL DE 2009.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D. José Manuel González Álvarez

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luis M^a Fernández del Olmo

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 17.00 horas do día 6 de abril de 2009, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión ordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 9 de marzo de 2009.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D^a. LIDIA GOMEZ BELLO RELATIVO A ARRANXO DE CUBERTA NA VIVENDA SITA EN VEIGA, 38 – RIGUEIRA.

Vista solicitude formulada por D^a. Lidia Gómez Bello con D.N.I nº: 33705541-F con domicilio en Veiga, 38 (27879 Rigueira), para realización de obras de arranxo de cuberta na vivenda consistente no cambio de pizarra afectada polo temporal. Expediente nº: 477/09.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras que se pretenden realizar, de acordo coa documentación presentada, subscrita pola interesada, sitúase dentro da zona delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural. Artigo 103 .- Capítulo III.- Normas Subsidiarias do Concello de Xove. Veiga – Rigueira (Xove). Artigo 24 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ó PXOM e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no art. 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro e no art. 120 do Real Decreto 2159/1978 de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento do Planeamento.

Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa Urbanística aplicable prevista, tanto nas NNSS como no PXOM aprobado inicialmente, toda vez que a cuberta que se pretende arranxar, sitúase en ámbolos dous casas dentro de Solo de Núcleo Rural Tradicional, pódese outorgar a licenza que se solicita.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- A edificación que se pretende cubrir, de acordo coa solicitude que se achega, adáptase a tipoloxía do ámbito.
- As obras que se pretenden, pola súa condición de obras de reparación, non supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais da edificación.

- Respetarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no artigo 29 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia, no relativo as condicións da edificación.
- A cuberta deberá ser de lousa de pizarra.
- Durante a execución dos traballos, tomaranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto na execución das obras como da vía.
- Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación, así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación a Lei 15/2004 do 29 de decembro de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia.
- De acordo co anterior informase favorablemente a licenza que se solicita.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 2.000,00€, salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 40,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL.

D.1) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE A CAMBA-XUANCES DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a. Susana Mariño Parapar, con D.N.I. nº 76.569.629 F, con enderezo no Centro Social de Camba (27877 Xuances), na que manifesta que durante o período comprendido entre o 01/09/2008 ó 28/02/2009, producíranse uns ingresos de 4.561,61€ e uns gastos de 3.754,91€ sendo os beneficios no período de referencia de uns 806,70€ polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto o sinalado no contrato no que se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 3.000€ e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.500€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederáse no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.2) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE A TUIMIL-XUANES DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a. Dolores Varela Porto, con D.N.I. nº 33.857.592-M, con enderezo no Centro Social de Tuimil-Xuanes (27877 Xuanes), na que manifesta que durante o período comprendido entre o 15/08/2008 ó 15/02/2009, producíranse uns ingresos de 2.525,75€ e uns gastos de 2.747,82€ sendo os beneficios no período de referencia de uns 806,70€ polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto o sinalado no contrato no que se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 3.000€ e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.503,00€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederáse no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.3) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN CULTURAL XOVEMENTO DE AXUDA ECONÓMICA PARA ACTIVIDADES PARA O ANO 2009.

Visto o escrito de D. Xacobe Fernández Casabella, como Presidente da “Asociación Xovemento”, con domicilio a efectos de notificación en Veiga, 41 (27879 Rigueira) no que solicita unha subvención para o financiamento de actividades para o ano 2009.

Segundo consta no informe de Intervención, a proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das Bases de Execución do Orzamento para 2.009.

Vista a existencia de crédito para o gasto na partida 451.489 do vixente Orzamento.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 1.000,00€ para o financiamento do programa de actividades para o ano 2009 da devandita asociación.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o coste da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 700€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 1.000€ procédese ó libramento do 30% pendente de percepción

4º.- Consonte ó establecido na Base 41 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.

Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.

Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.

Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.

Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumpri-los seguintes requisitos:

O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.

Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.

Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.

5º.- A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, e no caso de subvencións concedidas dentro do último trimestre do exercicio, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

6º.- O importe de axuda acadará como máximo o 80% do total do investimento realizado, esixíndose polo tanto unha aportación mínima do solicitante do 20%, caso de non xustificarse o gasto total para acadar a totalidade da subvención concedida, esta prorratearase proporcionalmente á baixa.

D. 4) AXUDA DE GANDERÍA A D^a. AMELIA PÉREZ GARCÍA.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dona. Amelia Pérez García, con D.N.I. nº 77591664Z , con domicilio en Gondar, 12 - Monte, por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €.

D. 5) AXUDA DE GANDERÍA A D^a. MARIA LOURDES DOMINGUEZ BERMUDEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dona. María Lourdes Domínguez Bermúdez, con D.N.I. nº 33302107 Q , con domicilio en Cabandela, 34 - Sumoas, por morte de unha vaca, por importe de 200,00 €.

D. 6) AXUDA DE GANDERÍA A D^a. MARIA CARMEN SANCHEZ LABAYEN.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dona. María Carmen Sánchez Labayen, con D.N.I. nº 76545519 R , con domicilio en San Cristobo, 22 - Portocelo, por morte de un xato, por importe de 200,00 €.

D. 7) AXUDA DE GANDERÍA A D^a. GENOVEVA ABAD BERMÚDEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dona. Genoveva Abad Bermúdez, con D.N.I. nº 76563390 R, con domicilio en Lagar, 28
- Sumoas, por morte de unha xata ó nacer, por importe de 120,00 €.

D. 8) AXUDA DE GANDERÍA A D^a. SARA GÓMEZ GÓMEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dona. Sara Gómez Gómez, con D.N.I. nº 76563736 W , con domicilio en Cabo, 8 - Sumoas, por morte de un xato, por importe de 200,00 €.

D. 9) AXUDA DE GANDERÍA A D^a. JOSEFA GONZÁLEZ PARAPAR.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dona. Josefa González Parapar, con D.N.I. nº 33993607 K, con domicilio en Loureiros, 55 - Xuances, por morte de un xato, por importe de 120,00 €.

D. 10) AXUDA DE GANDERÍA A D^a. MARIA JOSEFA COUSO GARCÍA.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dona. María Josefa Couso García, con D.N.I. nº 10792753 A , con domicilio en Loureiro, 2 - Monte, por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €.

D.11) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D^a. OFELIA PEREZ CASARIEGO.

Vista solicitude formulada por D^a. Ofelia Perez Casariego, con D.N.I. nº: 76536412-W, con domicilio en Soutoredondo, 1 (27879 Rigueira), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 10 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. Ofelia Perez Casariego como beneficiaria do mesmo, durante 10 horas semanais; debendo aboar o importe de 4,76€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 1 ano.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliia Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes

D.12) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D^a. MANUELA DOMINGUEZ GARCIA.

Vista solicitude formulada por D^a. Manuela Domínguez García, con D.N.I. nº: 76536528-A, con domicilio en Aldea de Abaixo, 1 (27876 Moras), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 2 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. Manuela Domínguez García como beneficiaria do mesmo, durante 2 horas semanais; debendo aboar o importe de 4,76€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 1 ano.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Ilia Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes

D.13) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D^a. CARMEN GUERREIRO RODRIGUEZ.

Vista solicitude formulada por D^a. Carmen Guerreiro Rodríguez, con D.N.I. nº 33673332-K, con domicilio en Acceso Apeadero, 18 – 3ºB (27870 Xove), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 10 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. Carmen Guerreiro Rodríguez como beneficiaria do mesmo, durante 10 horas semanais; debendo aboar o importe de 0,47€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 1 ano.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Ilia Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.14) SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE XORNADA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE D^a. MARIA JOSEFA PARAPAR OTERO.

Vista solicitude formulada por D^a. María Josefa Parapar Otero, con domicilio en Camiño Real, 34 – 4ºD (27870 Xove) na que solicita a ampliación de 4 horas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar que pasará a ser de 8 horas.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aumentar o número de horas da solicitante para que pasen a ser 8 horas semanais. Duración do servizo: 1 ano.

2º) A notificación á interesada, os efectos oportunos

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Ilia Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.15) LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ACTIVIDADE INOCUA DE D. JUAN CARLOS LOPEZ GONZALEZ PARA PERRUQUERÍA SITA EN AVDA. DIPUTACIÓN, 52 – XOVE.

Visto o expediente tramitado a instancia de D. Juan Carlos López González, veciño de Xove, con domicilio en Avda. Diputación, 34 – 4ºF (27870 Xove), que solicita a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento que haberá de dedicarse a perruquería, sita en Avda. Diputación, 52 – Xove.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende obter. No uso das facultades conferidas pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril de 1985 e Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local aprobado por R. D. Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda conceder a licenza

que se solicita, así como aproba-las tasas que figuran no expediente, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais, sen este requisito a licenza non surtirá efecto ningún.

D.16) ESCRITO DE D. JESUS PRADO GARCIA SOLICITANDO A BAIXA NO SERVIZO DE AUGAS E RECOLLIDA DE LIXO.

Por Secretaría dáse conta do escrito de D. Jesus Prado García, con DNI nº: 76.543.857 – H e con domicilio en Lavandeiras, 11 (27870 Xove) no que solicita a baixa no servizo de augas e recollidas de lixo do Concello, con nº de recibo: 122500.

Visto o informe do Fontaneiro Municipal, no que sinala que procede dita baixa e será efectiva a partir do bimestre marzo/ abril 2009.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Autoriza-la baixa solicitada.

2º) A notificación ó interesado así como ó Servizo de Augas do Concello, os efectos de baixa do devandito recibo.

D.17) ESCRITO DE D. FRANCISCO RODRIGUEZ BASANTA SOLICITANDO A BAIXA NO SERVIZO DE AUGAS E RECOLLIDA DE LIXO.

Por Secretaría dáse conta do escrito de D. Francisco Rodríguez Basanta con DNI nº: 33853933-A e con domicilio en C/ Academia Dequidt, 1 – 4ª (o Barco – Ourense) no que solicita a baixa no servizo de augas e recollida de lixo do Concello, no contador sito en Avda. Diputación, 71 – Xove , con nº de recibo: 116300.

Visto o informe do Fontaneiro Municipal, no que sinala que procede dita baixa e será efectiva a partir do bimestre maio/xuño 2009.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Autoriza-la baixa solicitada.

2º) A notificación ó interesado así como ó Servizo de Augas do Concello, os efectos de baixa do devandito recibo.

D.18) CAMBIOS DE TITULARIDADE NO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE.

Por Secretaría dáse conta das solicitudes de cambio de titularidade no subministro de auga que se relacionan de seguido:

| <i>Nº referencia</i> | <i>Titular Actual</i> | <i>Novo Titular</i> |
|----------------------|-----------------------------|-----------------------------|
| 12300 | Filomena Campo Cruces | Felicitas Campo Cruces |
| 59100 | Presentación Fernández Goas | Victorina Canoura Fernández |

Visto o informe favorable do Servizo de Augas do Concello, pola Xunta de Goberno Local por unanimidade en votación ordinaria, acorda autorizar os cambios de titularidade solicitados, sinalando que ditos cambios faranse efectivos no bimestre de xaneiro/ febreiro de 2009.

D.19) ACORDO DE APROBACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.

Vistas as solicitudes formuladas polos propietarios das vivendas, e visto o informe favorable do Servizo de Augas no que sinala que a alta no Padrón de aboados será a partires do bimestre Abril/Maio 2009; por unanimidade en votación ordinaria, acordase:

1º) A aprobación da concesión da subministración de auga para uso doméstico para os beneficiarios e para os inmobles para o que se solicita o servizo que se sinalan de seguido:

| Nome/Apelidos | Situación Contador |
|----------------------|---------------------------|
|----------------------|---------------------------|

| | |
|-----------------------------|--|
| Miguel Angel García Sánchez | C/ Tomas Mariño Pardo, 10 – Atico C (Xove) |
| Herminio Barro Val | C/ Tomas Mariño Pardo, 10 – 2ºB (Xove) |
| Magencio García Regal | C/ Tomas Mariño Pardo, 10 – 2ºC (Xove) |
| María Fe Cao Exposito | C/ Tomas Mariño Pardo, 10 – 2ºD (Xove) |
| Pamela González López | Urb. Palmeiro. Edificio Esteiro, 64 – 2ºA (Rigueira) |
| Pedro Rivera Ruiz | Urb. Palmeiro. Edificio Esteiro, 66 – 1ºD (Rigueira) |
| Pedro Rivera Ruiz | Urb. Palmeiro. Edificio Esteiro, 66 – 1ºC (Rigueira) |
| Vanesa Cobos Alcarazo | Urb. Palmeiro. Edificio Esteiro, 66 – 2ºD (Rigueira) |

D.20) ACORDO DE APROBACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.

Vistas as solicitudes formuladas polos propietarios das vivendas, e visto o informe favorable do Servizo de Augas no que sinala que a alta no Padrón de aboados será a partires do bimestre Marzo/ Abril 2009; por unanimidade en votación ordinaria, acordase:

1º) A aprobación da concesión da subministración de auga para uso doméstico para os beneficiarios e para os inmobles para o que se solicita o servizo que se sinalan de seguido:

| Nome/Apelidos | Situación Contador |
|----------------------|--|
| Manuel Leo Holguera | Urb. Palmeiro. Edificio Esteiro, 64 – 2ºB (Rigueira) |

D.21) SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA ASOCIACIÓN AMIGOS CABALEIROS DA MEDELA PARA “ FEIRA DO CABALO”EN LAGO.- 2009.

Vista solicitude formulada por D. Leandro Quelle Franco, con D.N.I. nº 76.557.121-B, con domicilio en Cabo, 8 (27878 Sumoas), en representación da Asociación Amigos Cabaleiros da Medela (inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº: 6) na que manifesta que o día 17 de maio celebrarase a “Feira do Cabalo” en Lago - Xove,

Segundo consta no informe de Intervención a proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das Bases de Execución do Orzamento para 2.008, aprobadas polo Pleno en sesión de 20 de decembro de 2.007.

Vista a existencia de crédito axeitado e suficiente para o gasto na partida 531.489 do vixente Orzamento por un importe de 3.000'00 €.

Visto que o Concello farase cargo do abono da factura emitida por Cesareo Eijo Canoura por importe de 580'00 € (IVE incluído) en concepto de aluguer de carpa para celebración dun acto social por parte da Asociación Cabaleiros da Medela.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 2.420,00€ para o financiamento da Feira do Cabalo 2009 en Lago.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o coste da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 1.694,50€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 2.420,00€ procédese ó libramento do 30% pendente de percepción

4º.- Consonte ó establecido na Base 41 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.

Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.

Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.

Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.

Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumprir os seguintes requisitos:

O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.

Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.

Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.

5º.- A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, e no caso de subvencións concedidas dentro do último trimestre do exercicio, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

6º.- O importe de axuda acadará como máximo o 80% do total do investimento realizado, esixíndose polo tanto unha aportación mínima do solicitante do 20%, caso de non xustificarse o gasto total para acadar a totalidade da subvención concedida, esta prorratearase proporcionalmente á baixa.

D.22) APERTURA DE PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL PARA O REMATE EXTERIOR (LUCIDO DE FACHADAS) DE VIVENDAS UNIFAMILIARES CON MÁIS DE 5 DE ANOS DE ANTIGÜIDADE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Vistas as Bases regulamentadoras do procedemento de solicitude e outorgamento das subvencións do epígrafe aprobadas polo Concello Pleno en sesión de data 12 de maio de 2008.

Visto a existencia de consignación presupostaria por importe de 3.000'00 € na Partida 431.780 do Orzamento Municipal vixente correspondente ó ano 2009 para o financiamento das subvencións de referencia.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros acorda establecer como prazo para a presentación de solicitudes de subvención municipal para o remate exterior (lucido de fachadas) de vivendas unifamiliares con máis de 5 de anos de antigüidade durante o presente ano desde o 15 de abril de 2009 ata o 30 de xuño de 2009; oredando a publicación do correspondente anuncio no Taboleiro Municipal e nos lugares de costume en todo o término municipal.

D.23) ESCRITO DE ALEGACIONES PRESENTADO POR D. FRANCISCO RODRIGUEZ BASANTA EN RELACION CO ABONO DE RECIBOS DE AUGA E BASURA PENDENTES DE PAGO (CONTADOR N° 1500100 BAIXO COMERCIAL EN AVDA. DEPUTACION 71 “ CAFE BAR PEPE “). ADOPCION DE ACORDO.

Por Secretaría dase conta á Xunta de Goberno Local do escrito do epígrafe (Rexistro de Entrada nº: 580 de data 16/02/2009).

Dase conta do contido do vixente Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga Potable especialmente do disposto no seu artigo 22 e da documentación obrante no Servizo Municipal de Augas respecto dos recibos pendente de pago correspondentes ó contador nº: 1500100.

Polo Secretario Municipal informase á Xunta de Goberno Local que consonte ós datos obrantes no expediente absolutamente tódolos recibos pendentes de pago que acadan o importe a data de hoxe de 812´96 € teñen como titular do contador nº: 1500100 a S.C. Candía López (alugatario do local propiedade do Sr. Rodriguez Basanta).

Visto que, o Sr. Baltasar García Fernández nunca figurou como titular do citado contador toda vez que en ningún momento se solicitou troco de titularidade ao efecto. As razóns polas que, o Sr. Rodriguez Basanta como propietario do local de negocio sito no baixo do nº: 71 da Avda. Deputación o no seu caso os seus alugatarios, non solicitaron o troco de titularidade do contador 1500100 de S.C. Candía López a Baltasar García Fernández son descoñecidas para o Concello pero na práctica determinan que, por aplicación do disposto no artigo 22 do citado Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga Potable, para autoriza-lo troco de titularidade do contador 1500100 do actual titular (que segue sendo S.C. Candía López) a un novo titular este último ten que abona-los recibos pendentes de pago.

Tendo en conta, respecto de la manifestación del Sr. Rodriguez Basanta de, o abeiro do disposto no art. 25. a) do Regulamento, imputar en exclusiva a existencia da débeda tributaria á inacción da administración municipal por non proceder ó corte do subministro de forma automática polo impago de 2 bimestres; que dita posibilidade, en calquera caso potestativa, so podería executarse a partir da data de entrada en vigor do citado Regulamento (1 de febreiro de 2008) e transcorridos dous bimestres desde a mesma.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus mebrs aistentes á sesión acorda desestima-la petición plantexada polo Sr. Rodriguez Basanta no seu escrito de data 13 de febreiro de 2009 anteriormente referenciado.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dezasete horas de corenta minutos da data indicada, polo Sr. Alcalde –Presidente levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fe.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo.:Luis Mª Fernández del Olmo